



PLAN DIXITAL

CEIP OTERO NOVAS (Cortegada)

Versión 1.0_ xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

DATOS XERAIS DO CENTRO.	
Denominación:	<i>CEIP “OTERO NOVAS”</i>
Titularidade:	<i>PÚBLICO</i>
Nº código de centro:	<i>32015268</i>
Municipio (Localidade):	<i>CORTEGADA</i>
Provincia:	<i>OURENSE</i>
CP:	<i>32200</i>
Tfno:	<i>988483117</i>
Enderezo:	<i>BAIXADA AO BALNEARIO S/N</i>
Enderezo electrónico:	<i>ceip.otero.novas@edu.xunta.gal</i>
Páxina Web:	<i>https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipoteronovas/</i>

O Ceip Otero Novas de Cortegada é un Centro rural do Ribeiro Ourense. Conta con pouco alumnado, 30 nenos de Infantil e Primaria.

Hai profesorado suficiente, bos recursos materiais e boa coordinación.

No tocante ás novas tecnoloxías o Centro contaba cunha aula de informática que quedou totalmente obsoleta, pola contra, hai moi boa conexión wifi, dotación de Pizarras Dixitais e proxectores en todas as aulas e material actualizado informático en cada aula.

O Plan Dixital ten cabida neste centro ao igual que todos os plans e proxectos que se desenvolven con normalidade dende hai anos no noso colexio. É un plan que ven a organizar todas as nosas accións relacionadas co mundo dixital que xa desenvolvíamos a diario como parte do proceso de ensino aprendizaxe.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Este Plan de Centro Dixital debe ser un instrumento para favorecer e promover o uso dos medios dixitais tanto nos procesos de ensino-aprendizaxe como no resto de procesos de xestión do centro, sempre co fin último de colaborar no desenvolvemento integral do alumnado.

Por iso, debe ser un instrumento que se integre no Proxecto Educativo, no Proxecto de Dirección e na Programación Xeral Anual e debe ser compartido por todos os membros da comunidade educativa. O Proxecto Dixital de Centro orientará tamén con coherencia o uso das tecnoloxías.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Coa finalidade de adaptarnos a un mundo de dixital e de preparar tanto ao profesorado como ao alumnado para enfrontarse aos retos dixitais aos que se deben enfrontar tanto no persoal como no académico elabórase este plan dixital tendo en conta a seguinte normativa vixente:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

Primeiramente comezamos designando o equipo para a elaboración do plan dixital e entrando na plataforma da Xunta habilitada para tal fin. No primeiro trimestre fixemos a diagnose do estado inicial a través da ferramenta SELFIE. Máis adiante medimos o nivel de competencia en tecnoloxía dos docentes usando o Test de Competencia Dixital Docente (Test CDD).

A partir dos datos obtidos a través destes medios o centro elaborou o informe de sobre as Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades (DAFO) que nos permitiu guiarnos na definición das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e actuacións.

O seguinte paso foi concretar xa o plan de acción, núcleo fundamental deste Plan, no que se recolleron os obxectivos que nos interesa implementar no curso seguinte.

Todo o proceso foi guiado a través da rede galega de mentores usando para iso a plataforma PLATEGA.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- **Equipamentno tecnolóxico:**

O equipamento tecnolóxico do CEIP OTERO NOVAS é un equipamento “normal”. Contamos con ordenadores de sobremesa no despacho de dirección e na sala de mestres a disposición de todos. Hai un ordenador de sobremesa na aula de 1º, 2º e 3º para uso dos alumnos e na aula de 4º, 5º e 6º hai portátiles.

Todos os mestres teñen a disposición portátiles e todas as aulas teñen PDI e sistema de son. Na aula de música, ademais hai unha Pantalla Dixital Táctil.

Así mesmo contamos con tablets para facer moitas actividades, con conectividade total e coa que desenvolvemos diversas actividades, dende crear un videoclip a usar unha app para aprender a ler.

Tamén hai unha aula de informática pero os ordenadores foron retirados porque eran moi antigos e quedaron obsoletos.

- **Conectividad**

A conectividade é moi boa en todo o centro. Todos os mestres teñen acceso a internet. O único problema que se da ás veces é o acceso a internet para xente allea ao centro que ven dar cursos e necesita conexión. Tamén se da este caso cos Auxiliares de Conversa que tampouco teñen acceso a non ser que algún mestre lle ceda as súas credenciais.

- **Plataformas e servizos dixitais**

Os servizos e plataformas dixitais que usamos no noso centro son fundamentalmente todas as aplicacións oficiais de Educación da Xunta. A Aula Virtual é unha ferramenta que usamos no contacto cos alumnos seguindo o protocolo COVID, pero agora mesmo segue a ser unha ferramenta usada con asiduidade e normalidade.

Logo usamos tamén moito as ferramentas virtuais das Editoriais dos Libros de texto. Nestes últimos anos basicamente as de SM e Vicens Vives, Edubook. Aí temos infinidade de recursos e, por suposto, usamos ferramentas educativas como webs educativas e seleccionamos moitos contidos audiovisuais que teñan bo aproveitamento para o alumnado.

- **Mantemento**

O mantemento de todos os equipos informáticos realízao a Consellería de Educación por medio da UAC. Calquera dúbida ou problema relacionado con algún equipo tecnolóxico soe ser resolto en poucos días, aínda que ás veces nalgún caso teñen tardado moito máis.

En canto a resolución de problemas relacionados co uso dalgunha app tamén son os da UAC os que nos axudan a resolvelos. Neste caso o tempo de espera é case nulo, xa que atenden por teléfono e guiante fácilmente.

No tocante á rede, é o provedor oficial da Xunta en cada caso o que envía técnicos e fai as reparacións, actualizacións ou o que conveña en cada momento dun xeito moi fluído garantindo unha boa conexión en todo o centro.

- **Liderado e gobernanza (protocolos do centro, aspectos organizativos, procesos de**

O liderado e gobernanza nos protocolos de centro, os aspectos organizativos e a comunicación referidos ao mundo dixital son cordinados pola dirección do Centro. Ao tratárense dun centro moi pequeno en canto a alumnado todos os procesos organizativos e toma de decisións importantes tómanse case sempre por consenso e moi habitualmente por unanimidade. Nós detectamos as necesidades en tecnoloxía que pode haber en algún aspecto da nosa labor e nós mesmos aplicamos as solucións. Todas as decisións pasan pola man de dirección pero sempre coa información, visto bo ou aprobación, se procede, do claustro de mestras.

- **Funcións e responsabilidade**

As funcións e responsabilidades, como explicamos no anterior punto, pasan pola dirección co consenso ou a aprobación do resto do claustro. Ao tratarse dun centro de só 3 unidades só existe a figura do director, polo que as responsabilidades son compartidas por todos os membros do claustro, aínda que a responsabilidade final recaia no director. As funcións están repartidas entre todos tamén.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE. Estes son os resultados a autoavaliación SELFIE realizada no noso Centro.

Areas	Grupos	Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	3,2
	Profesorado	3,6
	Alumnado	
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,3
	Profesorado	3,5
	Alumnado	3,3
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4,2
	Profesorado	3,8
	Alumnado	4,1

D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4
	Profesorado	4,1
	Alumnado	
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,8
	Profesorado	4,1
	Alumnado	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	4
	Profesorado	3,7
	Alumnado	3,7
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3,3
	Profesorado	3,5
	Alumnado	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,2
	Profesorado	3,5
	Alumnado	3,9

Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	3	4	75%
INTERINO	2	2	100%
PROVISIONAL	1	1	100%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
94,3	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	91,5	Integrador/a (B1)	68,2%	Integrador/a (B1)
PRIM	97,3	Experto (B2)	77%	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
Integrador/a (B1)	3	50%
Experto/a (B2)	3	50%
TOTAL	6	100%

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	1. Contamos cunha estrutura material dixital suficiente para o emprego das tecnoloxías dixitais.	
	PERSOAL DOCENTE	1. Debemos sobre a ensinanza mixta e formámonos para poder aplicala. 2. No noso centro favorécese a formación neste campo. (D) 3. Empregamos as tecnoloxías dixitais para comunicarnos. 4. Empregamos as tecnoloxías dixitais para motivar ao noso alumnado.	1. Debemos aproveitar o potencial das tecnoloxías dixitais para a creación de recursos que favorezan o traballo por proxectos, o traballo cooperativo, etc. (E2)
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO		1. O alumnado non crea contidos, nin desenvolve en profundidade as habilidades dixitais; moitos menos codifica, programa ou resolve diferentes problemas técnicos. (H10, H11, H12)
	FAMILIAS	1. Empregamos as tecnoloxías dixitais para comunicarnos. 2. O alumnado non trae os seus dispositivos ao centro, en parte porque nas familias no hai unha motivación para o uso didáctico das mesmas, só fan un uso lúdico.	
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	1. Contamos co apoio directivo para desenvolvernos e experimentar no ensino dixital.	1. Non contamos cunha estratexia dixital propiamente dita. (A1) 2. Convén que valoremos as tecnoloxías dixitais como ferramenta moi útil para a avaliación. (B1)

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	1. Recibimos formación por parte da administración para mellorar no uso das tecnoloxías dixitais.	1. Estamos saturados de burocracia, que na maioría das veces non lle vemos utilidade.
	LEXISLACIÓN		1. Debemos ter máis en conta os dereitos de autor e as licenzas cando realizamos o noso traballo (A5)
	CONTORNA		
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES	1. Aproveitamos iniciativas exteriores ao centro para traballar co alumnado comportamentos responsables e seguros na Internet.	1. Non hai apenas colaboración entre os centros, moito menos colaboración dixital.

3. Plan de Acción

As liñas estratéxicas para a configuración do Plan de Acción do CEIP Otero Novas (Plan Dixital) están centradas nos seguintes elementos:

B) Desenvolvemento profesional continuo.

C) Competencia dixital do alumnado

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Partindo do mapa integral diagnóstico realiza do no noso centro, fixéronse os obxectivos neste plan que serán revisados cada ano e que son susceptibles de ser modificados durante o curso escolar.

- Formación do alumnado no uso de programas e aplicacións dixitais para presentacións. Sendo o indicador a porcentaxe de alumnado de 4º, 5º e 6º formado.
- Formación do profesorado nese mesmo ámbito.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

- Novo ordenador portátil. Os portátiles que temos no centro están obsoletos para o traballo dixital que pretendemos facer, polo que precisamos dun novo.
- Tarxeta de son externa. Precisamos esta tarxeta para poder facer gravacións de calidade.
- Diferentes tipos de micros.
- Software de gravación e edición.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”: competencia dixital do alumnado (H)						
OBXECTIVO 1 (1):	Que o alumnado aprenda a realizar presentacións, infografías e vídeos de contidos curriculares con programas dixitais				Acadado	
RESPONSABLE:	Claustro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de alumnado de 4º, 5º e 6º que é que realizar esas actividades de xeito autónomo					
Valor de partida (3)	2% do alumnado de 4º, 5º e 6º					
Valor previsto e data (4)	50% do lumnado de 4º, 5º e 6º					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Adicar as sesións de plástica do mes de setembro a analizar a linguaxe publicitaria e informativa.	Profesorado que imparte plástica	Outubro 2022	WIFI, Tablets, Ordenadores Aula audiovisuais (croma, focos, micros, gravadora,etc)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Adicar as primeiras sesións de setembro de lingua a ensinar que é e como se fai un esquema.	Profesorado que imparte a materia de lingua	Outubro 2022	WIFI, Tablets, Ordenadores Aula audiovisuais (croma, focos, micros, gravadora,etc)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Adicar dúas sesións de plástica do mes de outubro a ensinar como se fai un cartel informativo e facer	Profesorado que imparte plástica	Outubro 2022	WIFI, Tablets, Ordenadores Aula audiovisuais (croma, focos, micros, gravadora,etc)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

prácticas dos mesmos.						
AO1.4 Adicar tres sesións de plástica do mes de novembro a aprender a usar diferente software para realizar infografías (canva).	Profesorado que imparte plástica	Novembro 2022	WIFI, Tablets, Ordenadores WIFI, Tablets, Ordenadores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.5 Adicar catro sesións (2 de lingua e dúas de plástica) a practicar en diferentes software (Impress, power point, canva,etc) como incluír imaxe, texto, e audio nas presentacións.	Profesorado que imparte as materias	Febreiro 2023	WIFI, Tablets, Ordenadores WIFI, Tablets, Ordenadores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.6 Adicar dúas sesións de plástica a coñecer aspectos básicos de iluminación.	Profesorado que imparte plástica	Marzo 2023	Aula audiovisuais (croma, focos, micros, gravadora,etc) Aula audiovisuais (croma, focos, micros, gravadora,etc)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.7 Adicar dúas sesións de plástica a coñecer como facer encuadres da imaxe.	Profesorado que imparte plástica	Abril 2023	WIFI, Tablets, Ordenadores Aula audiovisuais (croma, focos, micros, gravadora,etc)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.8 Adicar dúas sesións de plástica a usar editores básicos de vídeo e experimentar con eles.	Profesorado que imparte a materia	Maio 2023	Aula audiovisuais (croma, focos, micros, gravadora,etc) Aula audiovisuais (croma, focos, micros, gravadora,etc)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

AO1.9 Adicar tres sesións de plástica á realización de vídeos educativos	Profesorado que imparte a materia	Xuño 2023	WIFI, Tablets, Ordenadores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: competencia dixital do alumnado (H)						
OBXECTIVO 2 (1):	Desenvolver habilidades dixitais avanzadas no profesorado necesarias para crear contidos educativos.				Acadado	
RESPONSABLE:	Director e Claustro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de profesorado do claustro.					
Valor de partida (3)	2% do profesorado.					
Valor previsto e data (4)	80% do profesorado.				Xuño 2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Realización dun grupo de traballo a través do PFPP do centro para aprender a usar programas de edición de vídeo con calidade.	Profesorado	Xuño 2023	WIFI, Tablets, Ordenadores Aula audiovisuais (croma, focos, micros, gravadora,etc)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Pendente	
AO2.2 Recibir formación presencial no CFR a través do PFPP para mellorar aspectos fundamentais das gravacións (micros, luz, encadre de imaxe, edición posterior do gravado e tratamento do mesmo.)	Profesorado	Xuño 2023	WIFI, Tablets, Ordenadores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

1. Avaliación inicial: analizarase o punto de partida para comezar a desenvolver o Plan Dixital no noso centro; con que recursos se conta, cal é a situación e competencia do profesorado que se incorpora ao noso centro no próximo curso.

2. Avaliación continua: ao final do primeiro e do segundo trimestre valorarase en que medida se están levando a cabo as diferentes accións propostas para acadar os obxectivos do Plan. Introduciranse as propostas de mellora e axustes necesarios en base a esta avaliación.

3. Avaliación final: valorarase en que medida foron acadados os obxectivos do Plan Dixital para o curso 22/23. Extraeranse conclusións sobre a competencia dixital do centro, con respecto ao alumnado, ao profesorado, a participación en diferentes formacións, na comunicación do centro, etc. Teranse en conta os diferentes materiais producidos no centro a partir das tecnoloxías dixitais.

Na memoria anual de centro recollerase un informe sobre o desenvolvemento do Plan Dixital no centro no curso 22/23.

4. Propostas de mellora: Ao final do ano académico, valorarase se se acadaron os obxectivos, total ou parcialmente e estableceranse as medidas de mellora correspondentes para o seguinte curso. Ditas medidas estarán recollidas na PXA do centro

5. Difusión do plan

O Plan Dixital será aprobado polo Consello Escolar e difundirase entre toda a comunidade educativa a través da nosa web, en redes sociais, etc, de tal xeito que se coñezan os obxectivos que se pretenden acadar para o próximo curso. Ao profesorado e as familias de nova incorporación ao centro informaráselle do mesmo e se é preciso facilitaráselle unha copia do mesmo.